

- 22124 - 15370 (11/PRE-003555)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 3 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para pór en marcha un procedemento que permita a corrección progresiva da linguaxe sexista da lexislación autonómica actualmente en vigor

- 22122 - 15551 (11/PRE-003568)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para o depósito dos lodos procedentes do río Lérez

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.5. Axudas, bolsas e premios

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 27 de setembro de 2021, polo que se anuncia a convocatoria para a concesión de bolsas para a formación en prácticas no Parlamento de Galicia

A Mesa do Parlamento de Galicia, na sesión do 27 de setembro de 2021, resolveu anunciar a convocatoria para a concesión de oito bolsas formativas co obxecto de realizar unha formación en prácticas nas materias de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e contratación, e xestión parlamentaria, e unha bolsa destinada a persoa con discapacidade intelectual para a formación en prácticas nas áreas de asistencia xeral e administrativa.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. *Obxecto*

O obxecto da convocatoria é a concesión das seguintes nove bolsas:

1. Oito bolsas individuais para contribuír á formación en prácticas de persoas con titulación universitaria. As modalidades de bolsa que se convocan son as seguintes:

a) 2 bolsas en arquivo, biblioteca e documentación.

b) 2 bolsas en comunicación institucional.

c) 2 bolsas en publicacións.

d) 1 bolsa en recursos humanos e contratación.



e) 1 bolsa en xestión parlamentaria.

2) 1 bolsa adicional destinada a persoas con discapacidade intelectual igual ou superior ao 33 % para contribuír á formación nas áreas de asistencia xeral e administrativas, con titulación universitaria ou formación profesional.

Segunda. *Condicións xerais*

1. As bolsas serán indivisibles e improrrogables.

2. A concesión e o gozo da bolsa non suporá vinculación civil, laboral ou funcionarial entre a persoa bolseira e o Parlamento de Galicia ou a súa administración.

3. A estas bolsas non lles será aplicable o Estatuto do persoal investigador en formación.

Terceira. *Duración e contía*

1. As bolsas terán unha duración de doce meses.

A data do seu inicio comunicáraselles ás persoas beneficiarias simultaneamente á súa concesión.

2. A contía total de cada bolsa será de 12.000 € (doce mil euros) brutos, que se percibirán logo de finalizado cada mes do prazo da súa duración, a razón de 1.000 € (mil euros) e que estarán suxeitos á retención que legalmente proceda.

Caso de se producir o inicio ou a fin da actividade formativa en día distinto ao primeiro ou último do mes, respectivamente, a persoa bolseira percibirá a asignación proporcional ao número de días do mes en que desenvolva a formación.

3. Mensualmente, o responsable da unidade correspondente da Administración do Parlamento de Galicia emitirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da persoa bolseira das obrigas a que se refiren os puntos 2.b), 2.c), 2.d) e 2.e) da base décimo quinta.

4. Así mesmo, as persoas beneficiarias da bolsa contarán coa cobertura outorgada pola Seguridade Social segundo a normativa vixente en cada momento e dentro dos requisitos e condicións propios de este tipo de bolsas.

Cuarta. *Requisitos das persoas solicitantes das bolsas de formación en prácticas de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria*

Poden solicitar a concesión das bolsas as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.



b) Posuír as seguintes titulacións universitarias:

1) Para as bolsas de arquivo, biblioteca e documentación: grao ou licenciatura universitaria en Documentación, grao en Información e Documentación, grao en Xestión Dixital de Información e Documentación.

2) Para as bolsas de comunicación institucional: grao ou licenciatura universitaria en Xornalismo, Publicidade e Relacións Públicas ou Comunicación Audiovisual.

3) Para as bolsas de publicacións: grao ou licenciatura universitaria en Tradución e Interpretación, na que a lingua de orixe principal da súa combinación lingüística (1ª lingua ou lingua A1) sexa a lingua galega, grao en Lingua e Literatura Galegas, graduado en Estudos de Galego e Español con itinerario en lingua galega e española.

4) Para a bolsa de recursos humanos e contratación: grao ou licenciatura en Dereito ou grao en Dirección e Xestión Pública.

5) Para a bolsa de xestión parlamentaria: grao ou licenciatura en Dereito ou Ciencias Políticas e da Administración, grao en Dirección e Xestión pública.

c) As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2015-2016 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

d) Acreditar un coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4.

e) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia, ou non ter realizado máis dun terzo do período íntegro da bolsa por substitución dunha renuncia.

Quinta. *Requisitos das persoas solicitantes con discapacidade intelectual*

a) Ser española ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa aplicable a libre circulación de persoas.

b) Ter recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual, cunha afección nun grao igual ou superior ao 33 %.

c) Acreditar posuír unha das seguintes titulacións académicas: titulación universitaria, titulación de formación profesional. As titulacións terán que estar obtidas no ano académico 2015-2016 ou en anos posteriores, o cal deberá acreditarse ao termo do prazo de presentación das solicitudes.

d) Non resultar beneficiaria dunha bolsa en convocatorias anteriores no Parlamento de Galicia.

Sexta. *Formalización das solicitudes*

1. As solicitudes axustaranse ao modelo de instancia que se achega como anexo I, que estará á disposición das persoas interesadas no enderezo da Internet: www.parlamentodegalicia.gal



As solicitudes poderanse presentar:

— Preferentemente, na sede electrónica do Parlamento de Galicia no seguinte enderezo da Internet:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/procedemento/bolsas>.

— De modo presencial, mediante cita previa (teléfono 981551300), ante o Rexistro do Parlamento de Galicia (rúa do Hórreo, nº63, 15701 Santiago de Compostela - A Coruña), en horario de rexistro que se publicará na web do Parlamento de Galicia.

— Por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste caso deberá enviarse, dentro do prazo de presentación, unha comunicación vía correo electrónico (servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal), na que se detalle o medio utilizado de presentación, segundo o modelo que consta no anexo VI.

2. A documentación acreditativa dos méritos que se presente en papel deberá ser orixinal ou estar compulsada.

No caso de presentación por sede electrónica, a compulsa dos orixinais en papel debe ser electrónica, de acordo co artigo 29 do Decreto 191/2011, do 22 de setembro, de organización e funcionamento dos rexistros da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia. Os documentos orixinais asinados electronicamente serán válidos sempre que se manteñan en soporte electrónico. Os documentos electrónicos con código de verificación CSV serán válidos en calquera soporte, pois a través do número de referencia poderá cotexarse co orixinal.

3. O prazo para presentar as solicitudes será de vinte días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación do extracto desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Sétima. Documentación que se deberá achegar coas solicitudes para as bolsas de formación en prácticas de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria

No momento da presentación da solicitude a persoa interesada deberá presentar a documentación que se relaciona a continuación:

- a) Copia do documento nacional de identidade ou documento de identificación de estranxeiría.
- b) Certificado do Celga 4 ou equivalente expedido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- c) Certificación académica na que expresamente conste a data de iniciación e terminación dos estudos, as cualificacións obtidas e a nota media do expediente académico, na escala numérica de 0 a 10, calculada segundo o sistema establecido no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, polo



que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

As persoas solicitantes que cursasen os seus estudos en universidades non pertencentes ao Sistema universitario de Galicia e posúan a referida certificación e documentación académica nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán achegar a correspondente tradución xurada.

d) Méritos académicos e profesionais que a persoa solicitante somete á valoración. Só contabilizarán aqueles méritos dos que se achegue unha proba documental e na que se acredite a súa veracidade.

No referido ao coñecemento doutras linguas nacionais e idiomas estranxeiros acreditarase, mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas ou institucións ou centros recoñecidos oficialmente, segundo o Marco común europeo de referencia para as linguas do Consello de Europa (MCERL).

Nas epígrafes referidas á informática, cursos de formación e idiomas relacionados co obxecto destas bolsas non se valorarán aqueles que forman parte da puntuación con que se determina a nota media dos estudos académicos presentados.

No caso de que existan méritos que poidan valorarse en diferentes apartados só se valorarán no que resulte máis beneficioso para a persoa solicitante.

Esta documentación deberase presentar ordenada, debidamente paxinada e acompañada dun índice, conforme a relación de méritos que figura no anexo II.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos e certificados que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia presentada.

Oitava. Documentación a achegar coas solicitudes para as persoas con discapacidade intelectual

- a) Copia do documento nacional de identidade ou documento de identificación de estranxeiría.
- b) Titulación académica exixida (titulación universitaria, titulación de formación profesional de grado básico, medio ou superior).
- c) Certificado de discapacidade e ditame técnico facultativo que acredite que ten recoñecida oficialmente unha discapacidade intelectual en grao igual ou superior ao 33 %.

Para o caso de non quedar acreditado suficientemente o grao de discapacidade intelectual, este poderá ser comprobado polo Parlamento de Galicia ante os órganos da Administración responsables de emitir os citados certificado e ditame, para o cal a persoa aspirante deberá marcar na súa solicitude o correspondente recadro de autorización.

- d) Informe actualizado de vida laboral.



e) Relación dos méritos de formación que a persoa solicitante somete a valoración consonte estas bases, para o cal será imprescindible axustarse ao modelo que figura no anexo III.

Valoraranse outras formacións relacionadas con cursos oficiais (homologados ou impartidos por entidades que operan no ámbito social das persoas con discapacidade), e non oficiais, así como o tempo que figure como demandante de emprego, que se acreditará cun certificado de tempo de demanda de emprego.

Esta documentación deberase presentar ordenada, debidamente paxinada e acompañada dun índice. Non se valorarán aqueles méritos que non estean debidamente acreditados.

Novena. *Instrución*

1. O Servizo de Persoal e Réxime Interior será a unidade competente para a instrución dos procedementos de concesión das bolsas.

2. Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución coa relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas en atención ao cumprimento dos requisitos exixidos na páxina web www.parlamentodegalicia.gal e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Esta proposta será motivada e notificada a todas as persoas solicitantes, abrindo un prazo de alegacións de dez días hábiles.

3. De o suposto de non concesión se deber a que a solicitude non reúne os datos ou os documentos exixidos, a persoa interesada dispoñerá de dez días hábiles para corrixir a falta ou achegar os documentos preceptivos. Se así non o fixer, será considerada desistida da súa petición, logo da resolución que así o declare.

4. Sen prexuízo do disposto no número anterior, poderase requirir a persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e a resolución do procedemento.

5. Transcorrido o prazo e estudadas as correccións e documentos achegados, a Oficialía Maior do Parlamento de Galicia emitirá unha resolución coa listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas e excluídas. Esta resolución publicarase na páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.gal) e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. A estimación ou desestimación das peticións de correccións entenderase implícita na publicación da resolución.

6. Aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido a continuación.

Décima. *Comisión de valoración*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de avaliar as solicitudes de acordo cos criterios fixados nestas bases, así como de propoñer a concesión ou denegación das bolsas ás persoas interesadas.



2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidente: O letrado oficial maior ou a letrada ou letrado que se designe.

Vogais:

— A persoa responsable, respecto de cada tipo de bolsa, do servizo competente do Parlamento de Galicia na materia obxecto de formación práctica ou a persoa funcionaria do grupo A dese servizo que se designe.

Actuará de secretario o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior ou a persoa funcionaria do grupo A da súa unidade que se designe.

3. A comisión de valoración constituirase na sede do Parlamento de Galicia. Das súas deliberacións e acordos levantarase acta coa sinatura da secretaria ou do secretario e co visto e prace da presidenta ou do presidente da comisión.

Todos os membros da comisión de valoración terán dereito a voto e os seus acordos adoptaranse por maioría.

Décimo primeira. *Criterios de valoración das bolsas de formación en prácticas de arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e xestión parlamentaria*

1. Para a concesión das bolsas realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan no seguinte punto.

A documentación achegada nun idioma distinto do galego ou do castelán deberán vir acompañada da correspondente tradución xurada.

2. A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios:

2.1. Bolsas de arquivo, biblioteca e documentación:

a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).

b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.



2.2. Bolsas de comunicación institucional:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos) .
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto) .
- d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.3. Bolsas de publicacións:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación, especialmente no ámbito da tradución (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.4. Bolsa de recursos humanos e contratación :

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).
- b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).
- c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).
- d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

2.5. Bolsas de xestión parlamentaria:

- a) Expediente académico (ata un máximo de 13 puntos).



b) Formación académica adicional (ata un máximo de 5 puntos).

c) Outros estudos e experiencias relacionados coa materia obxecto da bolsa de formación (ata un máximo de 1 punto).

d) Coñecementos doutras linguas cooficiais e idiomas estranxeiros (ata un máximo de 1 punto).

Non se valorarán os cursos e as demais actividades formativas de menos de dez horas lectivas, nin aqueles que non acrediten as horas lectivas.

Décimo segunda. Criterios de valoración da bolsa para a persoa con discapacidade intelectual de formación en prácticas

Para a concesión da bolsa realizarase unha comparación entre as solicitudes presentadas e establecerase unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración que se determinan no seguinte punto.

A comisión de valoración examinará as solicitudes presentadas e avaliará os méritos acreditados consonte os seguintes criterios, ata un máximo de 18 puntos:

a) Titulación (ata 7 puntos):

— Formación profesional básica: 2 puntos.

— Formación profesional de grao medio (o certificado de profesionalidade será asimilado á formación profesional de grao medio): 3 puntos.

— Formación profesional de grao superior: 4 puntos.

— Título universitario: 5 puntos.

— Se os títulos de formación profesional ou universitaria son da rama administrativa, sociolóxica ou xurídica: 2 puntos máis.

Para o caso de que cos cursos profesionais para o emprego (FPE) obtivese o certificado de profesionalidade, valorarase o máis favorable para a persoa solicitante.

Se a comisión de selección require que se acredite a titulación que se alega deberase presentar o título ou certificado do centro ou organismo educativo de telo superado.

b) Cursos e prácticas laborais (ata 10 puntos):

— Cursos de formación ou perfeccionamento convocados, organizados, impartidos ou homologados por institutos, escolas oficiais, entidades de interese público e de defensa das persoas con discapacidade e/ou axentes sociais, excluída a formación regrada.



De 12 a 20 horas: 0,25 puntos.
De 21 a 40 horas: 0,50 puntos.
De 41 a 60 horas: 0,75 puntos.
De 61 a 90 horas: 1 punto.
De 91 a 120 horas: 1,25 puntos.
De 121 a 300 horas: 2 puntos.
De 301 a 600 horas: 5 puntos.
Máis de 600 horas: 7 puntos.

Cando a duración se exprese en anos ou se indique «curso escolar», estimarase a priori unha duración de 600 horas, sen menoscabo da verificación que se faga con base na documentación que se requira.

No suposto en que a duración se exprese en meses, estes serán computados da seguinte maneira: por cada mes computaranse 60 horas.

En caso de non constar a duración do curso, valorarase con 0,10 puntos.

Para o caso de que se sinalen diversos cursos de similar contido só se computará aquel que permita a obtención de maior puntuación.

Para valorar adecuadamente os cursos do presente apartado, na solicitude (anexo III) deberán constar as horas do curso, ou, na súa falta, os meses ou anos de duración, ou que esta foi durante un curso escolar.

— As prácticas laborais desenvolvidas en organismos públicos ou avaladas ou homologadas por estes valoraranse como cursos oficiais, en función da súa duración. En todo caso, as prácticas integradas na formación regrada ou en cursos alegados non serán obxecto de valoración adicional.

c) Demandante de emprego

Estar rexistrado/a como demandante de emprego, polo menos cun ano de antigüidade ininterrompidamente, contado desde a data de publicación da convocatoria: 1 punto.

Décimo terceira. *Procedemento e proposta da comisión de valoración*

1. Unha vez rematado o proceso de valoración dos méritos das persoas solicitantes, a comisión de valoración confeccionará unha lista para cada modalidade de bolsa coa puntuación das persoas candidatas ordenada de maior a menor e elaborará unha proposta, que lle elevará á Mesa do Parlamento, para que as persoas que obteñan a maior puntuación nas respectivas modalidades sexan as beneficiarias das bolsas. As listas utilizaranse de reserva para o caso de non aceptación ou renuncia dalgunha das persoas beneficiarias da bolsa.

2. Para as bolsas de formación previstas no apartado 1.1 destas bases (8 bolsas), no suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:



- 1) A maior puntuación obtida polo expediente académico.
 - 2) A maior puntuación obtida pola formación académica adicional.
 - 3) De manterse o empate, dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.
3. Para a bolsa de formación prevista no apartado 1.2 destas bases (1 bolsa), no suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:

- 1) Ter maior puntuación no apartado de titulación académica.
- 2) Ter maior puntuación no apartado de cursos e prácticas laborais.
- 3) Ter maior antigüidade como demandante de emprego.
- 4) Sorteo entre as persoas aspirantes empatadas.

4. Á vista da proposta da comisión de valoración, a Mesa do Parlamento de Galicia acordará resolver a concesión das bolsas, na que constará a relación cos datos de identificación das persoas beneficiarias e das suplentes coas puntuacións acadadas, se as houber, ou a declaración de deserta dalgunha bolsa ou da súa totalidade, e ordenará a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, co que se dará así por cumprido o trámite de notificación, sen prexuízo das comunicacións individuais que se lles efectúen ás persoas beneficiarias polos medios telemáticos que se empreguen.

A identificación das persoas beneficiarias e suplentes das bolsas realizarase mediante a publicación do nome e apelidos e catro cifras do documento oficial de identidade (conforme as orientacións publicadas pola AEPD).

5. Contra este acordo, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

6. As persoas solicitantes non beneficiarias dispoñerán dun prazo de seis meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* para recuperar a documentación presentada. Rematado o devandito prazo, a documentación non retirada será destruída.

Décimo cuarta. *Aceptación ou renuncia*

1. Unha vez publicado e comunicado o acordo da concesión das bolsas, as persoas beneficiarias deberán aceptar ou renunciar no prazo máximo de dez días hábiles, desde o día seguinte ao da



súa publicación. Transcorrido o devandito prazo, se a persoa beneficiaria non se declara en ningún sentido, entenderase que renuncia á bolsa.

2. No caso de que as persoas adxudicatarias non aceptaren a bolsa, ou non puideren incorporarse por calquera outro motivo, poderán ser substituídas polas persoas que figuren na lista de reserva en función da súa puntuación.

3. A data de incorporación ao Parlamento de Galicia establecerase na comunicación da concesión da bolsa. De as persoas adxudicatarias non se incorporaren nesa data, perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, agás causa debidamente xustificada do atraso, así apreciada pola Oficialía Maior, que deberá ser alegada e xustificada por escrito no referido prazo. No suposto de incorporación tardía aínda que xustificada, reducirase proporcionalmente o importe da contía que se vai percibir.

4. As vacantes que puideren existir nalgún tipo de bolsa poderán dar lugar, a criterio da Administración parlamentaria, ao incremento do número do resto de bolsas que rexistrasen maior número de solicitudes, sen que poida superarse o número total de oito bolsas. A súa cobertura, se é o caso, efectuarase seguindo a orde establecida nas correspondentes listas de reserva.

5. No caso de renuncia á bolsa durante o desenvolvemento desta, a persoa adxudicataria debera presentar o correspondente escrito dirixido á Mesa da Cámara segundo o modelo que figura no anexo V.

A Administración parlamentaria poderá, en función das circunstancias concorrentes, substituíla pola persoa que figure por orde de puntuación na lista de reserva, para o período de desfrute restante.

Décimo quinta. *Incompatibilidades, obrigas e cumprimento das persoas bolseiras*

1. Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como con soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos habituais pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, agás con aquelas axudas destinadas a cubriren algunha das accións formativas que a persoa bolseira vaia realizar segundo os seus estudos (asistencia a reunións, congresos, seminarios ou cursos de especialización).

2. Obrigas da persoa beneficiaria:

a) A persoa bolseira, polo só feito de solicitar esta bolsa, comprométese a aceptar as bases desta convocatoria e as demais normas que resultan aplicables como consecuencia da súa concesión.

b) Cumprir co programa de formación en prácticas establecido cuns niveis de rendemento satisfactorios, presentando os traballos, estudos ou informes que lle determine o Parlamento de Galicia. Así mesmo, deberá asistir ás actividades que o Parlamento considere convenientes para a súa formación.



c) Cumprir as normas de asistencia e realizar a actividade formativa durante os doce meses de duración da bolsa, no horario e no departamento da Administración parlamentaria, conforme se lle asigne e con suxeición ás indicacións dos seus responsables. As prácticas terán unha duración semanal de trinta horas presenciais e/ou teletemáticas cando se precise.

d) Observar a maior discreción e confidencialidade sobre os documentos e as informacións que puider coñecer durante o período de duración da bolsa e que non se fixesen públicos.

e) Non ter adquirido nin adquirir durante o período de duración da bolsa ningún compromiso ou obriga que impida o seu cumprimento íntegro, agás renuncia expresa dela.

3. Os traballos realizados polas persoas bolseiras serán de propiedade do Parlamento de Galicia e non poderán ser utilizados polos autores sen a correspondente autorización.

4. Se por parte da persoa beneficiaria dalgunha das bolsas existir interese en asistir a actividades formativas fóra do Parlamento, a persoa interesada deberá cursar unha petición ao seu responsable da unidade de modo xustificado, detallando a relación entre a actividade á que pretende concorrer e a bolsa da que goza.

Os responsables de unidade poderán autorizar a súa asistencia de observar que tal actividade pode complementar a súa formación, sempre que non incorra en ningunha das incompatibilidades previstas no apartado 1 desta base sobre incompatibilidades, obrigas e cumprimentos das persoas bolseiras.

No caso de ser autorizado e asistir, a persoa interesada deberá posteriormente presentar un informe-memoria da actividade formativa.

5. As persoas beneficiarias das bolsas poderán gozar dun período de descanso, no período ordinario de vacacións do persoal da administración parlamentaria, de dúas semanas continuadas, ou partidas en dous períodos dunha semana. Do mesmo modo, poderán gozar de catro días de descanso desde a semana de Nadal ata o día de Reis.

A determinación concreta do inicio e fin destes períodos correspóndelle ao xefe da unidade administrativa onde estea formándose a persoa bolseira, atendendo ás necesidades organizativas do servizo.

6. As interrupcións da bolsa por supostos de baixa por incapacidade temporal (enfermidade ou accidente), risco durante o embarazo e descanso por maternidade ou paternidade non darán lugar en ningún caso á posibilidade de recuperar o período interrompido.

Décimo sexta. *Incumprimento das condicións*

1. A constatación da existencia de ocultación, alteración ou manipulación de datos ou calquera outro suposto de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa dará lugar á obriga de lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas, máis os xuros legais que procedan, todo isto sen prexuízo das responsabilidades en que puidese incurrir a persoa beneficiaria.



2. O Parlamento de Galicia reserva para si o dereito de suspender ou, de ser o caso, de revogar o gozo da bolsa, no suposto de que a persoa bolseira non realizar o traballo para a súa formación en prácticas en condicións satisfactorias, cando se deixaren de reunir os requisitos que se exixiron para a súa concesión, faltas de asistencia non xustificadas ou cando se incumpriren, sen causa que o xustifique, as condicións establecidas nestas bases.

Décimo sétima. *Recursos*

Contra esta convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante a Mesa do Parlamento de Galicia no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo o artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo oitava. *Facultades da Presidencia*

Facúltase a Presidencia do Parlamento de Galicia para ditar as resolucións necesarias para o axeiado desenvolvemento desta convocatoria.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

SOLICITUDE PARTICIPACIÓN EN BOLSAS DE FORMACIÓN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO	
NOME DA VÍA			NUM	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO			CORREO ELECTRÓNICO		

REPRESENTACIÓN DO SOLICITANTE (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)				
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	TIPO DE REPRESENTACIÓN

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN				
Medio de notificación preferente				
<input type="checkbox"/> Electrónica a través do enderezo da Internet https://sede.parlamentodegalicia.gal . Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao DNI da persoa indicada				
<input type="checkbox"/> Postal (cubrir o enderezo só se é distinto do indicado anteriormente)				
NOME DA VÍA			NUM	ANDAR
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE

OBJECTO DA SOLICITUDE: (indicar a modalidade de bolsa que solicita (cfr. base 1ª) e, se é o caso, o tipo e grao de discapacidade)

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:
DNI
Certificación acreditativa do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4
Certificación académica
Relación de méritos académicos
Anexos que figuran nas bases
Outros

CSV: BOPGDSPGUFUv1qqWW4
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ANEXO II

Relación de méritos da persoa solicitante

(arquivo, biblioteca e documentación, comunicación institucional, publicacións, recursos humanos e contratación, xestión parlamentaria)

Apelidos:

Nome:.....

1. Titulación universitaria requirida:

Graduada/o:

Universidade de:

Data de iniciación da titulación universitaria:.....

Data de obtención da titulación universitaria:

2. Expediente académico:

Nota media do expediente académico (calculada en función da escala numérica de 0 a 10)

3. Formación académica adicional:

3.1. Outros graos, licenciaturas e diplomaturas (distintas das exixidas para optar á bolsa) ou formación profesional (técnico superior) relacionada co obxecto da bolsa:

Título	Universidade	Nº de páxina do expediente documental

3.2 Títulos de posgrao (grao de doutor, máster universitario, diploma de estudos avanzados, especialista universitario, experto/a universitario e outros):

Título	Centro que o expide	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental



Quen asina declara que os datos subliñados son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

..... , de de 2021

(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal dos bolseiros e bolseiras serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia, con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal



ANEXO III
Relación de méritos da persoa solicitante
 (bolsa destinada a persoa con discapacidade intelectual)

Apelidos:

Nome:.....

1. Formación académica (titulación grao universitaria, ciclo formativo de grao superior, ciclo formativo de grao medio, ciclo formativo de grao básico):

.....

Data de obtención da titulación:

2. Outra formación:

Título	Centro que o expide		Nº de páxina do expediente documental	
Cursos oficiais	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental	
Cursos non oficiais	Nº de horas	Nº de créditos	Nº de páxina do expediente documental	

CSV: BOPGDSPGUFUv1qqWW4
 Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



3. Demandante de emprego:

Tempo que consta como demandante de emprego (data):.....

Quen asina declara que os datos subliñados son correctos e certos e que están xustificadas documentalmente na documentación que se achega á solicitude.

....., de de 2021

(Sinatura da persoa interesada)

Os datos de carácter persoal serán tratados polo Parlamento de Galicia e incorporados á actividade de tratamento «Alumnado en prácticas e bolsas de formación», cuxa finalidade é a xestión das actividades relacionadas coas prácticas académicas de alumnos/as das universidades galegas e a xestión de bolsas para a formación práctica no Parlamento de Galicia, e está baseada no cumprimento de obrigas legais ou dunha misión realizada no exercicio de poderes públicos. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a solicitude e resolver a convocatoria na que participa.

Os datos de carácter persoal dos bolseiros e bolseiras serán comunicados ás administracións públicas competentes en materia tributaria e de Seguridade Social e ás entidades bancarias.

Os datos identificativos das persoas adxudicatarias das bolsas publicaranse no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, e na páxina web www.parlamentodegalicia.gal.

Non están previstas transferencias internacionais de datos.

Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se recolleron e para determinar as posibles responsabilidades que puideren derivar da dita finalidade e do tratamento dos datos.

As persoas interesadas poden exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ao seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Parlamento de Galicia, con enderezo postal rúa Hórreo nº 63 15701 Santiago de Compostela ou no enderezo de correo electrónico pdcp@parlamentodegalicia.gal.

Poderán obter información adicional na páxina web do Parlamento de Galicia: www.parlamentodegalicia.gal



ANEXO IV

Declaración responsable

_____, con DNI/NIF _____
 Enderezo _____ CP _____ Localidade _____
 Provincia _____

En cumprimento do establecido na base décimo quinta da convocatoria para a concesión de bolsas formativas no Parlamento de Galicia, como beneficiario dunha bolsa na modalidade de.....,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

Que, no caso de incumprimento das obrigas ou condicións que motivaron a concesión da bolsa, me comprometo a lle reintegrar ao Parlamento de Galicia as cantidades percibidas.

....., de do 2021

(Sinatura da persoa beneficiaria)



ANEXO V

Modelo de renuncia á percepción da bolsa

_____, con DNI/NIF _____

Enderezo _____ CP _____ Localidade _____

Provincia _____

En cumprimento do establecido na base décimo cuarta, apartado 5) da convocatoria para a concesión de bolsas de formación no Parlamento de Galicia, manifesto a miña vontade de renunciar á percepción da bolsa que me foi outorgada na modalidade de _____, a partir do _____, e motivada nas seguintes razóns:

Comunico esta renuncia para os efectos oportunos

_____, de de 2021

(Sinatura da persoa interesada)



ANEXO VI

Modelo de comunicación de presentación da solicitude

....., con
 DNI/NIF núm.endereço , C.P.
, localidade
 provincia, teléfono fixo , teléfono
 móbil....., correo electrónico
,

Manifesto que presente unha solicitude para a obtención dunha bolsa para formación práctica de , no Parlamento de Galicia, con data no

(Cómpre especificar o medio utilizado, dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.)

..... de de 2021

(Sinatura da persoa interesada)

Enviar vía email: servizo.persoal.ri@parlamentodegalicia.gal

CSV: BOPGDSPGUFUv1qqWW4
 Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

